

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruiz, María Isabel
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Míguez Tabarés, José Luis
Pozo Triviño, María Isabel del
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Armesto, Belén
Valderrama Santomé, Mónica
DECANOS/DIRECTORES
Álvarez González, Susana
Cid Fernández, Xosé Manuel
Cruz González, María Montserrat
Currás Valle, Consuelo
Formella, Arno
García Cutrín, Francisco Javier
García Fontán, María Soledad
Montero Reguera, José Francisco
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Vázquez, María Consuelo
Río Otero, Coral del
Rodríguez Domínguez M^a del Mar

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Araujo Nespereira, Pedro Antonio
Arévalo Tomé, Raquel
Durán Barbosa, Rafael
Paz Penín, Concepción
Porteiro Fresco, Jacobo
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé
Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a
Covadonga.

ESTUDANTES

Diz Folgar, Manuel
Lima González, Estela

PAS

González Penín, Ana Isabel
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel
Pazos Currás, Marta María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Lopez Mira, Álvaro Xosé
Ruiz Hidalgo, María del Carmen

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 03 de abril de 2024, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 03 de abril de 2024 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente no Paraninfo da Universidade.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 28 de febreiro de 2024.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da convocatoria de eleccións de representantes de estudantes no Claustro Universitario.
4. Aprobación, se procede, das normas de elaboración do POD para o curso 2024/2025.
5. Aprobación, se procede, da Normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios e ás categorías de profesorado permanente laboral e profesorado axudante doutor na Universidade de Vigo.
6. Aprobación, se procede, da modificación puntual da normativa de actividades titoriais.
7. Aprobación, se procede, da modificación puntual do manual DOCENTIA.
8. Aprobación, se procede, do acordo das universidades públicas do sistema universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao para o curso 2024/2025.
9. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento da Comisión de Política Lingüística da Universidade de Vigo.
10. Elección de representante na Comisións de Planificación e AA.EE, delegada de Consello de Goberno: 1 PDI.
11. Quenda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 28 de febreiro de 2024.

O reitor indica que non se presentaron observacións á acta e pide que se aprobe por asentimento.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre o seguintes temas:

- Vitrasa: rematada a folga, suprimiuse o reforzo de viaxes ao campus de Lagoas Marcosende.
- Comisión de Estatutos: continúan os traballos a bo ritmo.
- CRUE:
 - Créanse dúas comisións para facerlle propostas ao Ministerio: unha sobre ámbitos e Departamentos, para ter finalizado o traballo a finais de abril, e outra sobre Especialidades para ter finalizado a finais de maio.
 - O grupo de traballo sobre financiamento LOSU leva 3 sesións e vai avanzando cara ó 1%. Polo de agora, centrado no plan INTEGRA.
 - Na lei de Enseñanzas Artísticas incluíron as moratorias da LOSU, que fan referencia á necesidade de axustarse aos novos criterios, esa nova forquiña de docencia do profesorado universitario, a docencia que teñen que cubrir os asociados, tamén a que os asociados pasen a ter esa condición de indefinidos, todo isto queda adiado, e tamén queda adiado a obrigatoriedade de ter aprobados os estatutos en tres anos, co cal aínda que a nosa idea e seguir pola mesma liña que levábase ata o de agora, pode facerse sen agobios, xa que hai un prazo adicional. Probablemente presentemos o proxecto de Estatutos para aprobar o ano que ven, aínda que algunhas cousas queden para comezar no prazo que marca esta moratoria da LOSU. Houbo bastante consenso, reflectido co voto favorable do PSOE, abstención do PP.
 - Negociacións INTEGRA en marcha. 5500 prazas nas contas da CRUE, 5036 segundo Pingarrón, 4200 son as que están enriba da mesa. O Ministerio non inclúe os cambios de dedicación (pensan que non é real), si a mudanza en asociados e en axudantes doutores. E fai o cómputo sen ter en conta as áreas.
O 1% son 3100 millóns de euros, nos que estarían os 800 millóns precisos para os cadros de PDI. O Estado recoñece a súa responsabilidade, pero non ó nivel que requiren as comunidades autónomas.
Dous documentos sobre atracción de alumnado estranxeiro: unha de CRUE Internacionalización e outro de Docencia. Probas selectivas para a captación.
Con posterioridade á CRUE, celebrouse unha xuntanza co Presidente de Goberno e a Ministra e houbo melloras. Cando a autonomía o acepte, iremos as 5100 prazas, pagando o Ministerio as 2/3 partes e a autonomía o 1/3 restante. No caso de que non haxa acordo, a Comunidade Autónoma que non se sume recibirá unicamente o 1/3 inicialmente proposto polo Ministerio.
- Cambio importante na política comunicativa na CRUE, en tres eixos:
 - 1) Ir por diante, facendo propostas en positivo, en vez de esperar para dicir que non ás propostas que chegan do Ministerio. “Vender as propostas que se fagan.
 - 2) Chegar aos territorios, dando información de interese local.

3) Máis redes sociais (nomeadamente, Instagram)

Repositorio institucional para empresas, repositorio xeral para o público, aprobar unha normativa, incluír vídeos informativos, campañas en redes sociais. En resumo “que facemos as universidades pola sociedade”.

“Unidigital-IA”. Vaise propoñer ao Ministerio de transición dixital unha proposta con múltiples accións a nivel CRUE para o uso da Intelixencia artificial, como un plan piloto para logo establecer nas administracións públicas. Varias accións, con 7-8 universidades cada unha, cunha coordinadora e facendo o traballo empresas. Documento de posicionamento da CRUE, sobre novos criterios para a acreditación. Celebrada xuntanza con Pilar Paneque, fixo bastante caso ás propostas presentadas.

- Compatibilidades profesorado de substitución: resolto, buscarán onde publicalo.
- Captación de alumnado internacional: estase valorando a oportunidade de por en marcha un International Foundation Program para atraer estudantado que non fale castelán nin galego, como medio para logo encher os Graos. Farase un estudio cos centros para ver de facer unha oferta adicional de prazas restrinxida á captación internacional, especialmente nas titulacións con problemas de matrícula.
- Narrow subject Rankings Overview. Fíxose unha enquisa nos diferentes centros, dos que se obtiveron as seguintes respostas en estratexia internacional: Satisfacción xeral elevada co número de convenios. Baixa participación en redes internacionais. Poucas dobres titulacións internacionais e conxuntas. A maior parte dos centros non dispón dunha estratexia de captación internacional.
- Os tres campus de especialización recoñecidos no Sistema Galego de Universidades comezan a abrir vías de colaboración.
- Está aínda aberto o prazo dos premios de poesía, relato curto e tradución. Seguimos intentando axudar para que a nosa lingua poida ter 1.000 ou 10.000 ou máis primaveras máis.
- Estivemos presentes na xuntanza de Málaga, no Foro ‘transfiere’ xunto con outros axentes do Sistema Galego, incluídos na legación Xunta de Galicia-GAIN.
- O CIM inclúe a ECIMAT nas infraestruturas científicas do European Marine Biological Resource Centre-EMBRC.
- O proxecto SOSFOOD, liderado pola UVigo e coa participación de 17 entidades europeas, dotado con máis de 4 millóns de euros.
- O Presidente da Deputación de Pontevedra visitou a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e AtlanTTIC para coñecer de primeira man as tarefas que desenvolve UVigo SpaceLab.
- O Foro Económico de Galicia, baixo o liderado do grupo GEN de Ourense, presentou un estudo sobre os retos da presente lexislatura.
- Investigadores de AtlanTTIC participan no proxecto europeo RETINA dotado con 6.2 millóns de euros dedicado ao desenvolvemento de sensores fotónicos.
- O proxecto europeo ECOTOURS está dedicado ao turismo sostible, somos o único representante español.
- A UVigo acolleu a XIV edición do “El Ojo de Pulísemo” congreso dedicado á tradución.
- CINTECX e as facultades de Comunicación e de Comercio reciben o selo de igualdade da institución.
- Entregáronse o premios GirlGeek Power concedidos pola Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo aos mellores TFG e TFM STEM con perspectiva de xénero.
- Colaboracións entre a Cátedra Saramago e as Fundacións Vicente Risco e Otero Pedrayo.

- CINTECX presentou unha guía para incluír a perspectiva de xénero no ámbito tecnolóxico e industrial.
- O premio UVIGUALA 2024, concedido por unanimidade ao proxecto ElasFanCienTec.
- Celebrouse unha nova edición do HackforGood, no marco da Cátedra Telefónica.
- Dentro das actividades do 8M, celebrouse unha xornada dirixida ao estudiantado estranxeiro.
- Lanzado o plan integral de preparación e acreditación do inglés, enmarcado nas propostas do plan estratéxico, plan PIPA.
- A Asociación de Debate Universitario Retórica da Universidade de Vigo gaña por segundo ano consecutivo o Torneo Indalo da Universidade de Almería.
- A profesora Martínez Patiño, membro da delegación española na European Olympics Academy.
- Celebrouse a XXIV edición do Foro Tecnolóxico, todo un referente no eido das tecnoloxías que se estudan no Campus de Vigo.
- Marta Vázquez, de EphysLab, e Maria Joao Valente, de Educación e Traballo Social coordinaron unha iniciativa para tratar o cambio climático nas aulas de secundaria.

Remata o informe ás 10.31.

3. Aprobación, se procede, da convocatoria de eleccións de representantes de estudantes no Claustro Universitario.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen informa da necesidade de convocar eleccións de representantes de estudantes no Claustro Universitario, de acordo coa normativa vixente:

Artigo 55.2 do REX: O Claustro Universitario renovárase cada 4 anos, preferentemente xunto coas eleccións a reitor ou reitora, agás os representantes do estudiantado de todos os ciclos e modalidades, que renovarán cada 2 anos.

Artigo 25.3 do REX: Agás circunstancias excepcionais apreciadas pola comisión electoral ou pola xunta electoral, segundo corresponda as eleccións reguladas neste título convocaranse unha vez finalizado o prazo ordinario de matrícula do curso vixente no momento da convocatoria e as votacións terán lugar en días lectivos, fóra dos períodos oficiais de exames, e cunha antelación previa de sete días como mínimo ao inicio da realización dos citados períodos.

Artigo 53.1 do REX: Correspóndelle ao reitor/a convocar as eleccións de representantes no Claustro Universitario, despois da súa aprobación polo Consello de Goberno e da aprobación do calendario electoral pola comisión electoral.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, das normas de elaboración do POD para o curso 2024/2025.

O reitor presenta os cambios da normativa para a súa aprobación ou rexeitamento, non para facer modificacións ou un novo debate, pero se houbera algunha cousa que nos pareza mal podería

tratarse de novo na mesa de negociación de PDI e volveríase a traer a Consello de Goberno. A continuación proxecta unha presentación, co seguinte contido:

1. Criterios e procedemento de elaboración do POD polos departamentos

É competencia de cada departamento asignar o profesorado ás distintas materias de grao que teñan adscritas, **así como verificar a docencia de mestrado con repercusión no seu POD que aproben as CAM.**

3. Vixencia da asignación docente

Unha vez rematado cada cuadrimestre, unicamente se lle certificará ao PDI a docencia que conste no POD.

Calquera cambio neste debe realizarse antes da emisión automática dos certificados de docencia impartida que, para o primeiro cuadrimestre ten lugar a partir do **24 de xaneiro do 2025**, e, para o segundo, a partir do **6 de xuño de 2025**.

4. Organización cuadrimestral

Se, ao longo do curso académico, se incorpora á plantilla de PDI algún profesor/a permanente tras a sinatura dun contrato de PPL ou a toma de posesión dunha praza de TU, ou se acorda a transformación dalgunha outra figura nestas categorías con carácter interino, a dirección do departamento poderá promover unha modificación do POD para que asuma a docencia proporcional que lle corresponda, tentando tamén que a modificación afecte o mínimo posible o POD inicial.

ANEXO I

Criterios de prelación para a elección de docencia.

A orde de prelación do PDI, para os efectos de elaboración do POD, establécese de acordo cos seguintes criterios, que se aplicarán de forma sucesiva no caso de igualdade nos precedentes:

Primeiro criterio: Categoría

Segundo o corpo, a escala ou a categoría de pertenza, a orde é:

Nivel 1: catedráticos/as de universidade.

Nivel 2: profesorado titular de universidade e catedráticos/as de escola universitaria.

Nivel 3: profesorado titular de escola universitaria.

Nivel 4: profesorado contratado doutor **e profesorado permanente laboral.**

Nivel 5: profesorado funcionario interino.

Nivel 6: profesorado contratado doutor interino **e profesorado permanente laboral interino.**

Nivel 7: profesorado axudante doutor e persoal investigador posdoutoral.

Nivel 8: profesorado axudante.

Nivel 9: profesorado asociado a tempo parcial.

***O profesorado asociado a tempo parcial LOSU estará vinculado ás materias para as cales foi contratado.**

ANEXO II

Incorporación ao POD do persoal contratado en programas de investigación.

A posibilidade de participación en tarefas docentes rexerese polo tipo de contrato e a figura á que estea adscrito.

A solicitude de colaboración realizarase obrigatoriamente no momento da **elaboración do POD por parte do departamento ou desde o 20 de decembro de 2024 ata o 20 de xaneiro de 2025**, para a súa incorporación no segundo cuadrimestre. Tamén poderán incorporarse no momento que xurdan necesidades docentes sobrevidas no departamento para cubrilas.

ANEXO III

Mobilidade intercampus.

O persoal investigador (PI) que asuma voluntariamente a docencia nun campus distinto de aquel no que está situado o seu centro de traballo e, sempre e cando non haxa docencia libre no campus do seu centro de traballo, poderá solicitar as correspondentes indemnizacións por razóns de servizo.

Pide a palabra Inmaculada Anaya Revuelta, en relación co anexo 3 do punto IV. Considera axeitado que o profesorado asociado poida solicitar a indemnización por desprazamento intercampus, xa que lle parece xusto que poida cobrar ese diñeiro de desprazamento se ten que ir a outro Campus. O reitor responde que non puido estar na mesa de negociación todo o tempo, porque tivo que marchar. Se hai representantes sindicais na sala, poderíase modificar se os representantes sindicais aceptan. Se é unha modificación técnica, poderíase facer.

Ana Isabel González Penín, pide aclaración con respecto ao concepto PI (para ela non existe esta categoría) ou PDI (é a categoría que existe). Belén Rubio Armesto responde que si, que ten que ser PDI.

Alfonso Lago Ferreiro di que cando un asociado firma un contrato sabe o Campus no que vai dar, pero quedouse en que ía a estudarse o caso dos asociados.

Xosé Manuel Cid di que na avaliación do POD deste ano, o asociado pode pedir pasarse a asociado 2, ¿poden pedilo?. Alfonso Lago Ferreiro e o reitor din que é decisión do departamento, pero si. Hai unha prórroga, pola que os asociados LOU poden manter unha docencia maior, ata 180 horas, mentres os asociados LOSU soamente poden ata un máximo de 120, pero en todo caso é decisión do departamento.

O reitor comenta que lle parece importante que un asociado teña que impartir docencia en dous campus, o lóxico sería que cobrase as dietas intercampus, e que os departamentos o poidan saber. Agradece moito a intervención de Inmaculada Anaya Revuelta.

Miguel Cuevas Alonso comenta que non hai problema. O reitor comenta que se non hai problema, entón podemos engadir que naqueles casos que se determinen, os asociados que se teñan que desprazar a outros campus poderán percibir dietas, para que tamén o poidan ter en conta os departamentos no momento do POD.

Inmaculada Anaya Revuelta cre que sería mellor poñer PDI e profesorado asociado, xa que os asociados non teñen que investigar (non se lles esixe). O reitor responde que non habería problema.

Marta Pazos Currás concorda con Ana Isabel González Penín na aclaración solicitada, ten que aparecer PDI e non PI, e con respecto á casuística específica dos asociados, podería engadirse sen problema.

Javier García Cutrín indica que todos somos PDI, e que por suposto todos poderían cobrar as dietas intercampus.

O reitor comenta que se precisará o concepto “PDI”, e incluírase a aclaración de que PDI abrangue aos asociados.

Coral del Río Otero, con respecto a outro tema, non está de acordo co punto 4. Organización cuadrimestral, polo traslado de responsabilidade que se outorga aos departamentos: “En todos os casos de docencia asignada no POD a novas contratacións, os departamentos deben programar adecuadamente o encargo docente, de xeito que se poida garantir a impartición completa da docencia co seu cadro de profesorado actual durante os meses de setembro e outubro”, traslado de responsabilidade que non teñen, e ás veces ademais non parece posible. Unha cousa é que os departamentos intenten poñer da súa parte para minimizar o problema, pero o que se fai é unha esixencia coste o que coste.

O reitor di que parece importante que os departamentos asuman esa corresponsabilidade, sempre que se poida, para intentar programalo de xeito razoable para que non nos ocorra isto, e intentar que as novas contratacións teñan a docencia máis tarde, se se pode.

Alfonso Lago Ferreiro comenta que o que queren e que os POD se poidan aprobar o antes posible. Coral del Río Otero comenta que se está esixindo corresponsabilidade, a responsabilidade é do reitorado, ten que garantir que as prazas estarán a tempo. Os departamentos teñen que colaborar, pero non que sexa unha esixencia.

O reitor comenta que unha modificación técnica neste acto está permitida, formulando o seguinte enunciado: “de maneira, que se poda garantir, na medida do posible”; a Coral del Río parécelle ben este enunciado, e ao ser unha cuestión técnica pode cambiarse no Consello de Goberno, se os representantes sindicais están de acordo.

Pregunta tamén pola incorporación de persoal posdoutoral á docencia: neste POD tiveron un problema. Cando elaboraron o POD permitíuselles incorporar persoal posdoutoral no mesmo, sen simultanear docencia, e incorporaron 2 posdoc para impartir docencia. A posteriori recibiron unha terceira posdoc, a quixeron incorporar ao POD no prazo que hai para elo. Nese momento, no vicerreitorado díxéronlle que tiña que simultanear docencia, que estaba así na normativa, e de feito a posdoc está simultaneando docencia. Non entende esta interpretación, se non hai problema no departamento.

O reitor comenta que o ano pasado déralle a razón e cambiaron a normativa, este caso que plantexa é novo, vaise estudar e espera que confíe que, como fixera o ano pasado dándolle a razón e cambiando o necesario, este ano proceda do mesmo xeito, en docencia sobrevida. Pídelle que remita por correo electrónico os cambios que haxa que facer.

Consuelo Pérez Vázquez ten unha dúbida sobre os asociados LOSU, que saen a concurso cunha docencia determinada. Se por calquera circunstancia esa docencia non ten alumnos ou desaparece algún grupo, como se fai agora, se non se pode cambiar a docencia, non poderían cambiar a docencia a outros grupos.

O reitor comenta que a lóxica impón que se non teñen docencia, quedarían fora, despedidas e indemnizadas, pero se existe unha docencia noutra materia sacarán un concurso novo para un asociado LOSU, cun encargo diferente. Consuelo Pérez agradece a aclaración.

O reitor agradece o espírito construtivo dos representantes sindicais na mesa.

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da Normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios e ás categorías de profesorado permanente laboral e profesorado axudante doutor na Universidade de Vigo.

O reitor explica que foi aprobada en mesa de negociación, presentando as diapositivas coa seguinte información e modificacións:

Razón: necesidade de adaptar a nosa normativa de acceso a estas categorías ás esixencias da LOSU (especialmente ao artigos 71.1 e 86 da LOSU e ao Real decreto 678/2023).

Proposta: partir da normativa que tiñamos, respectando o que estivese funcionando ben.

(...) Pola transcendencia que comporta, cómpre salientar que unha das principais novidades derivadas da aprobación da LOSU atinxe á figura do profesorado axudante doutor. Coa nova regulación intensifícase a idea de que é unha figura clave que marca o inicio da carreira académica, de aí que se fortaleza o sistema de acceso previsto para esta categoría equiparándoo ao do resto de figuras de persoal docente e investigador permanente.

Composición xeral das comisións de selección

1. As comisións de selección serán aprobadas polo Consello de Goberno, á proposta dos departamentos, e estarán compostas por cinco (5) membros, no caso de concursos para profesorado axudante doutor, e por tres (3) membros, no caso de concursos para profesorado permanente laboral e concursos de acceso a corpos docentes universitarios. Os membros propostos terán que ser de categoría igual ou superior á da praza obxecto de concurso, da mesma especialidade de coñecemento á da praza obxecto de concurso ou, no seu defecto, de especialidades de coñecemento afíns, e contar todos eles cos méritos recollidos na lexislación vixente.

Así mesmo, formará parte das comisións de selección correspondentes á categoría de profesorado axudante doutor unha persoa representante do persoal traballador con voz e sen voto. Para o resto de categorías ás que se refire esta norma, un representante sindical poderá tamén actuar con voz e sen voto se así o solicita a propia representación sindical.

2. As prazas que para cada convocatoria correspondan á mesma categoría, departamento e especialidade de coñecemento serán xulgadas pola mesma comisión.

Propostas dos departamentos

3. Para a convocatoria de prazas de Profesorado Axudante Doutor as propostas dos departamentos deberán recoller as persoas que asumirán presidencia e secretaría, cos seus respectivos suplentes, e ademais unha relación de doce (12) profesores alleos á Universidade de Vigo que deberá

respectar na súa composición a normativa de paridade entre homes e mulleres entre os que se determinarán mediante sorteo os e as tres (3) vogais titulares e os e as tres (3) vogais suplentes consonte se establece na NORMA TERCEIRA. Na medida do posible, procurarase que presidente/a e secretario/a, tanto titulares coma suplentes, pertencen á Universidade de Vigo.

4. Para a convocatoria de prazas de Profesorado Permanente Laboral, Profesorado Titular de Universidade e Catedráticos/as de Universidade as propostas dos departamentos deberán recoller as persoas que asumirán a presidencia ou a secretaría, co seu respectivo suplente, e ademais unha relación de oito (8) profesores alleos á Universidade de Vigo que deberá respectar na súa composición a normativa de paridade entre homes e mulleres, entre os que se determinarán mediante sorteo, dunha banda, o presidente/a ou o secretario/a titular e suplente dependendo da proposta de membro non sorteable que achegue o departamento, e, doutra banda, o vogal titular e suplente, todo elo consonte se establece na NORMA TERCEIRA.

No caso de que o departamento decida sortear a figura do Presidente/a dos oito (8) profesores alleos á Universidade catro (4) entrarán no sorteo de presidente/a e os outros catro (4) no de vogais.

Na medida do posible, procurarase que o presidente/a ou o secretario/a tanto titulares coma suplentes, pertencen á Universidade de Vigo.

A) As persoas que se propoñan para ostentar a presidencia deberán pertencer, en todos os casos, ao corpo de catedráticos e catedráticas de universidade e contar con dous (2) tramos de investigación recoñecidos.

B) As persoas que se propoñan para desenvolver a secretaría e para seren vogais:

i. Para as prazas de catedrático/a de universidade, deberán ser catedráticos/as de universidade e contar, polo menos, con dous (2) tramos de investigación recoñecidos.

ii. Para as prazas de profesorado titular de universidade, poderán ser catedráticos/as de universidade ou profesorado titular de universidade, e contar, polo menos, cun (1) tramo de investigación recoñecido.

iii. Para as prazas de profesorado permanente laboral, poderán ser catedráticos/as de universidade, profesorado titular de universidade, profesorado contratado doutor ou profesorado permanente laboral, e contar, polo menos, cun (1) tramo de investigación recoñecido.

iv. Para as prazas de profesorado axudante doutor, poderán ser catedráticos/as de universidade, profesorado titular de universidade, profesorado contratado doutor, profesorado permanente laboral ou axudante doutor; e contar, polo menos, cun (1) tramo de investigación recoñecido.

Excepcionalmente, o Consello de Goberno poderá eximir os membros das comisións que vaian ser propostos como presidentes/as, secretarios/as ou vogais dos requisitos referidos á categoría ou aos tramos de investigación esixibles, cando non sexa posible completar a comisión con membros que os cumpran.

Composición final das comisións

1. A Comisión de Ordenación Académica e Profesorado determinará mediante sorteo público a composición final da comisión de selección.
2. No caso de prazas de profesorado axudante doutor, o sorteo determinará os tres (3) vogais titulares e suplentes. O resto de persoas incluídas na proposta presentada polo departamento ordenarase tamén por sorteo conformando unha lista de vogais suplentes.
3. No caso de prazas de profesorado permanente laboral ou de prazas de corpos docentes universitarios, o sorteo determinará, en primeiro lugar, o presidente/a titular e suplente ou o secretario/a titular e suplente, dependendo da figura proposta polo departamento como non sorteable. De entre o resto de persoas incluídas na proposta sortearase o/a vogal titular e suplente. O resto de persoas incluídas propostas ordenarase tamén por sorteo conformando unha lista de vogais suplentes.

Abstención/recusación e conflitos de interese

- As do artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- As do artigo 32.4 do Real decreto 678/2023, do 18 de xullo:
 - a) Ter sido coautor ou coautora de publicacións ou de patentes nos últimos seis (6) anos.
 - b) Ter mantido unha relación contractual ou ser membro dos equipos de investigación que participan en proxectos ou en contratos de investigación xunto con algunha persoa candidata.
 - c) Dirixir ou ter dirixido a súa tese de doutoramento, defendida nos últimos seis (6) anos.
 - Unha vez publicados os listados definitivos de persoas admitidas e excluídas ao concurso, desde o Servizo de PDI remitirase á presidencia e á secretaría de cada comisión a información e a documentación precisa para a súa actuación, entre a que se incluírá a relación de persoas admitidas correspondente á praza ou prazas que esa comisión vaia avaliar.

Todos os membros integrantes da comisión, tanto titulares como suplentes, deberán declarar formalmente se incorren ou non, nos supostos de abstención e conflito de interese antes indicados.

Constitución da comisión e desenvolvemento da fase de concurso

1. A comisión deberá constituírse nas dependencias da Universidade de Vigo no prazo dun (1) mes desde a publicación da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas.

Para os efectos da presente norma, o concepto de «dependencias» incluírá tanto as físicas como as virtuais xestionadas pola Universidade de Vigo, resultando ambas elixibles, incluso de xeito mixto, como lugar de celebración dos concursos, sempre e cando se deixe constancia nas actas de tal circunstancia. Sen prexuízo do anterior, na proba oral á que se refire o punto sexto desta NORMA, tanto os candidatos/as participantes como os membros da comisión que pertencen á Universidade de Vigo deberán estar presentes na dependencia física que fose establecida como sede da comisión.

2. No acto de constitución a comisión elaborará o baremo con base ás pautas recollidas nos anexos I e II, agás no caso previsto na disposición transitoria terceira.

Proposta de provisión

3. Nas prazas de profesorado axudante doutor, a comisión poderá determinar unha porcentaxe mínima sobre o total de puntos que teñan que acadar as persoas candidatas para superar a proba. De non acadar ningún candidato ou candidata a puntuación mínima, o proceso concluirá necesariamente coa proposta de non provisión, que deberá ser motivada de xeito expreso na concorrencia de tal feito.

Malia existiren candidatos ou candidatas que superasen esa puntuación mínima, o proceso poderá concluír coa proposta de non provisión, que deberá ser suficientemente motivada.

Disposición transitoria primeira

Ata a entrada en vigor da relación de especialidades de coñecemento á que se refire o Real decreto 678/2023, do 18 de xullo, as referencias ás especialidades de coñecemento contidas nesta normativa entenderanse feitas ás áreas de coñecemento que figuran no anexo I do Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro.

Disposición transitoria segunda

O apartado primeiro da disposición transitoria terceira da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU) establece que a acreditación vixente de profesorado axudante doutor ou da figura equivalente na normativa autonómica, considerarase como un mérito preferente, durante os catro anos posteriores á aprobación desta lei orgánica, para os efectos do acceso á figura de profesorado axudante doutor.

No que respecta a favorecer a seguridade xurídica, establécese que, nos concursos de profesorado axudante doutor que convoque a Universidade de Vigo en 2024, 2025 e 2026, a puntuación máxima sobre 100 obtida, consonte o anexo II e a disposición transitoria terceira, polas persoas candidatas acreditadas que presenten un CV na especialidade de coñecemento á que se vincula a praza de profesorado axudante doutor se incrementará en cinco puntos.

Disposición transitoria terceira

Para as prazas que se convoquen ao abeiro do Plan de promoción de profesorado asociado a profesorado axudante doutor, a comisión de selección aplicará o seguinte baremo:

Baremo para o acceso á categoría de profesorado axudante doutor mediante a promoción desde a categoría de profesorado asociado (basicamente o que había).

Este baremo será aplicado polas comisións de selección respectando os seguintes apartados e a ponderación porcentual máxima prevista para cada un deles no seguinte cadro:

1. FORMACIÓN ACADÉMICA: 10
2. EXPERIENCIA INVESTIGADORA E EXPERIENCIA EN TRANSFERENCIA: 25
3. EXPERIENCIA DOCENTE E DE INNOVACIÓN PEDAGÓXICA: 25
4. EXPERIENCIA PROFESIONAL: 15
5. PROXECTO DOCENTE E INVESTIGADOR: 10
6. OUTROS MÉRITOS: 5
7. DEFENSA PROBA ORAL: 10

Anexo I.

Pautas mínimas de elaboración do baremo para o acceso aos corpos docentes universitarios e para o acceso á categoría de profesorado permanente laboral.

O baremo para a valoración de méritos nos concursos para o acceso aos corpos docentes universitarios e para o acceso á categoría de profesorado permanente laboral serán fixados polas comisións de selección no momento de constituírse e deberán respectar a seguinte pauta: os méritos relativos ás categorías de «experiencia investigadora e de transferencia» e de «experiencia docente universitaria e de innovación pedagóxica» terán o mesmo peso oscilando dentro dun intervalo entre o 35 % e o 45 % do total da puntuación.

Anexo II

Baremo para o acceso á categoría de profesorado axudante doutor.

O baremo para a valoración de méritos nos concursos para o acceso a categoría de profesorado axudante doutor será fixado polas comisións de selección no momento de constituírse e valorarán os méritos das persoas candidatas tendo en conta os seguintes apartados e a ponderación porcentual prevista para cada un deles no seguinte cadro:

1. FORMACIÓN ACADÉMICA: 10
2. EXPERIENCIA INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA: 30

3. EXPERIENCIA DOCENTE E DE INNOVACIÓN PEDAGÓGICA: 30

4. EXPERIENCIA PROFESIONAL: 5

5. PROXECTO DOCENTE E INVESTIGADOR: 10

6. OUTROS MÉRITOS: 5

7. DEFENSA PROBA ORAL: 10

Miguel Cuevas Alonso agradece á reitoría a disposición para chegar a acordos sobre a normativa de profesorado en mesa de negociación. Necesitamos tempo para revisar. Unha ledicia que se contemple na normativa o galego e o castelán. Solicita ese fornecemento de formación en galego. Por outra banda agradece que estes baremos deixan aberta a posibilidade de que as distintas áreas modulen o que a política universitaria solicite para cada unha das figuras, e que non haxa un baremo específico. Tamén quere agradecer por parte da vía social que o baremo específico de promoción pase a ser unha transitoria e que non haxa axudantes de primeira e de segunda, senón que sexa un sistema equitativo. Tamén agradece á reitoría a inclusión dunha proba oral, que só se pode medir nunha proba oral.

O reitor dálle as grazas a Miguel Cuevas Alonso, di que é un pracer chegar a acordos cos representantes de traballadores e traballadoras. No caso de axudantes doutores, no segundo ano é lóxico que o noso profesorado sexa eficiente en castelán e en galego. Con respecto as dúas vías de entrada, a UVigo foi pioneira no plan específico de promoción de asociados que está chegando ao seu fin, porque agora estamos nun momento novo, parécelle que temos que ter unha vía única e un criterio único para todos. En canto a proba oral, engade que non só porque van ser profesores, senón incluso á hora de coñecer en detalle o cvitae, polo que lle parece moi importante a proba oral.

María Del Mar Rodríguez Domínguez entende a filosofía da LOSU, pero o problema é operativo, xa que as prazas de axudante doutor son moi numerosas, pode pedir 15 prazas no seu ámbito. Pero vese incapaz de poder poñer catedrático/a con dous sexenios, se pode ter conflito de interese cos candidatos van ter problemas operativos importantes. Por outro lado, outro problema é a proba oral, porque con 15 candidatos serían 15 horas se poñemos unha media dunha hora cada un.

O reitor cre que deberíamos deixar funcionar isto, o que temos é a obriga de que a maioría sexa de fóra da UVigo. Cando se teña que xustificar a eximente do catedrático con dos sexenios á vista do que presenta, podería xustificarse sen maior problema. Poderíamos traballar para a seguinte modificación, con dúas etapas: unha primeira coa valoración dos méritos, tal que se non chegan a unha determinada puntuación non veñan. Alfonso Lago Ferreiro comenta as dúas fases que utilízanse na USC, alí xa están pensando en cambiar as dúas fases polos problemas que teñen as comisións.

Inmaculada Anaya Revuelta opina que a proba oral é moi importante, polo que considera que se debería manter.

Coral del Río Otero cambia de tema e pide unha aclaración: na primeira norma, cando se fala de que nas comisións para axudante doutor estará un representante do persoal traballador, e noutra comisións fálase do representante sindical. O reitor comenta que a elección a fan os representantes sindicais, está recollido nos actuais estatutos. Coral del Río comenta que terá que

ser polo menos un PDI; sen voz e sen voto, pero non se concreta que sexa PDI, é un pouco vago, ¿non habería que concretalo mais?.

O reitor comenta que os sindicatos enviarán a quen consideren oportuno, xa que non avalían, senón que son fedatarios de que o proceso faise dun xeito correcto. Non son un membro avaliador, senón un vixiante de que as cousas fanse dun xeito correcto, ao mellor se sabe de leis, tamén nos vale. Coral responde que moi ben. Na Norma 5, abstención ou conflito de interese, non ve que nos proxectos haxa prazo temporal. O reitor comenta que está copiado directamente da LOSU. Na norma 4, “Non podendo perfilarse mais aló da área de coñecemento”, é unha decisión política, o equipo de goberno non quere que haxa perfiles. O reitor responde que a transitoriedade di que mentres tanto sexan as áreas de coñecemento, mais cando haxa especialidades (nun futuro decreto) poremos a especialidade que corresponda. Na norma 6, apartado 6, ao final fala de adecuación deste ao perfil da praza, mellor poñer área de coñecemento. O reitor di que cre que enténdese ben.

Miguel Cuevas Alonso di que pode ter que ver que a adscrición dos postos de traballo xa non vai as áreas, senón a un ámbito de coñecemento, por iso distinguen.

O reitor afirma que non é unha decisión política do equipo de goberno. Solicita á Coral del Río que cal é a transitoria da LOSU na que ven esa información, pero Coral sinala que é a transitoria do Real Decreto 678/2023, ao que o reitor responde que non ven entón na LOSU.

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da modificación puntual da normativa de actividades titoriais.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen informa que foi aprobado por asentimento na mesa de negociación do 13 de marzo e na COAP do 18 de marzo de 2024.

PREÁMBULO:

Actualización da data de aprobación do Regulamento de estudantes da Universidade de Vigo.

ARTIGO 4.1: Substituír:

O profesorado, de acordo coa súa categoría e dedicación, terá as obrigas semanais de titoría e de atención ao alumnado que figuran no anexo I.

O profesorado, de acordo coa súa categoría e dedicación, terá as obrigas semanais de titoría e atención ao alumnado **que figuren na instrución da vicerreitoría competente.**

Eliminación ANEXO I.

Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, da modificación puntual do manual DOCENTIA.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen informa que foi aprobado por asentimento na mesa de negociación do 13 de marzo e na COAP do 18 de marzo. Esta proposta ven dunha solicitude de Rebeca Díaz Redondo, directora da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

APARTADO 2.3. ÁMBITO DE APLICACIÓN: Substituír

No caso de docentes que teñan un resultado positivo na avaliación, non se poderán presentar ata que transcorran cinco anos, a partir da data do último informe definitivo de avaliación.

No caso de docentes que teñan un resultado positivo na avaliación, **non deberán presentarse a una nova convocatoria de avaliación ata que transcorran cinco anos**, a partir da data do último informe definitivo de avaliación. **En todo caso, o/a docente que así o considere, poderá presentarse a unha nova convocatoria sen que transcorran estes cinco anos, sempre e cando os cursos académicos que se avalíen na nova convocatoria non se avaliaran nas convocatorias precedentes nas que presentara.**

Marta Pazos Currás di que na mesa de negociación chegouse ao acordo de que se poda pedir na seguinte convocatoria, e non se perderan. Pero entón uns van a perder un ano e outros ningún.

Alfonso Lago Ferreiro comenta que as comisións van ter en conta os anos de COVID. Marta Pazos Currás contesta que DOCENTIA é moi importante para os complementos da ACSUG, e que é un agravio comparativo, que púidose paralizar no seu momento e non se paralizou.

Alfonso Lago comenta que na convocatoria do 2025 non haberá nada que regular.

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, do acordo das universidades públicas do sistema universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao para o curso 2024/2025.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade, quen sinala que toca aprobar como todos os anos, nas universidades públicas galegas, documento consensuado por elas. Non sufriu modificacións.

Apróbase por asentimento.

9. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento da Comisión de Política Lingüística da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Extensión Universitaria, que expón que debe modificarse o artigo 2 do Regulamento:

Artigo 2. Composición

Forman parte da Comisión de Política Lingüística da Universidade de Vigo, os membros seguintes:

- a) A reitora ou reitor, ou a persoa en quen delegue, que a presidirá.
- b) A vicerreitora ou vicerreitor con competencias en materia de política lingüística.
- c) O persoal técnico da ANL.
- d) As persoas designadas polos Centros como enlaces da lingua galega.
- e) Dúas ou dous representantes do persoal de administración e servizos (PTXAS), nomeados polo reitor/a.**
- f) Tres representantes do alumnado, nomeados polo reitor/a.**

Apróbase por asentimento.

10. Elección de representante na Comisións de Planificación e AA.EE, delegada de Consello de Goberno: 1 PDI.

O reitor explica que presentouse soamente a candidatura de:

Carmen Ruiz Hidalgo (Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo – Vigo), polo que non é necesario celebrar eleccións.

11. Quenda de intervencións.

O reitor cede a palabra a Marta Pazos Currás, quen quere saber porque os puntos de investigación non viñeron a este Consello de Goberno. Tamén pregunta polas retencións dos erasmus, pregunta dirixida á xerenta. O reitor responde que os puntos retirados responden á tardanza da remisión dos puntos por rematar moi tarde a Comisión de Investigación e non se puideron pendurar a tempo. Como un membro de Consello de Goberno comentou que non chegaran a tempo, decidiuse retiralos da orde do día.

Consuelo Pérez Vázquez, solicita que o regulamento do novo artigo 60, en aras da transparencia, se poida poñer a dispor de toda a comunidade universitaria, e poida ofrecerse cos informes necesarios. O reitor comenta que os pendurarán cando se faga a seguinte convocatoria.

Coral del Río Otero comenta que a Universidade de Vigo uniuse con outras universidades para retransmitir unha conferencia de Francesca Albanese sobre a situación palestina en Gaza e Cisjordania, e solicita ter mais información porque non saben onde poder conectarse todos os que queiran da comunidade universitaria. O reitor di que segue na liña de participar en accións para que este conflito armado remate, e indica que se tomen as medidas oportunas para que se remita o enlace para seguir esta conferencia de modo online.

Non hai mais intervencións.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.



Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12.15 h. do día 03 de abril de 2024, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral